

## LIMIAR

No pasado mes de xuño tivo lugar a presentación do libro *Universidade galega sempre pública* no paraninfo de Universidade da Coruña, á cal asistiu Xosé Ramón Branco Buxán. Con el xa tiña coincidido en diversos actos organizados pola Asociación Veciñal do barrio da Agra do Orzán, coa que adoita colaborar de maneira moi activa e intensa. A finais de agosto, logo de rematar o traballo de redacción do ensaio que propicia este libro, púxose en contacto comigo coa finalidade de saber se eu podería facerlle un prólogo para a súa publicación pola editorial Laiovento. Aceptei sen máis e comenteille o importante que era para min o estudo, a análise e os escritos que poñan en valor o ensino público, tan cuestionado e atacado polo capitalismo neoliberal desde hai anos. Alén do afortunado que me facía sentir por tan honrosa invitación, a miña aceptación era tamén un agradecemento por darme a oportunidade de participar nun excelente libro a través da breve reflexión que supón este prólogo.

Xosé Ramón ten unha formación inicial científico tecnolóxica (enxeñeiro técnico en industrias agrícolas), que foi ampliando desde o ámbito das ciencias sociais e que se foi concretando en feitos que poñen de manifesto a súa constante querenza polo saber e pola súa promoción e divulgación ao servizo de mudanzas que se fan precisas para a consecución dunha convivencia máis xusta. Un de tales feitos é a súa condición de doutor pola Universidade de Santiago de Compostela, coa realización dunha tese de doutoramento sobre *A muller e o sistema educativo. Actitudes sociais, poder político e ideoloxía dominante. Estudo dun caso: Concello da Coruña, 1970-1985*, cuxo acto público de lectura e defensa tivo lugar con éxito o 1 de xaneiro de 1996. Outro alude ao seu *mestrado en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas migratorias e Mediación Cultural*

*da Universidade da Coruña, concluído tamén con éxito no ano 2011. Esta querenza dótao dunha ampla e dilatada formación na enxeñaría, filosofía, ciencias da educación e socioloxía, permitíndolle abordar a temática deste completo ensaio cunha perspectiva multidisciplinar e con todo o seu rigor académico, que é moito máis ca a «bricolaxe social» á que el mesmo alude para referirse á súa propia actividade.*

O seu traballo constitúe unha achega realmente nova nestes anos de pandemia sobre as mudanzas estruturais e organizativas que implican un avance máis na privatización do ensino público en todos os seus niveis, en que as novas tecnoloxías non son neutrais no seu emprego, desde o momento en que están a actuar como axentes erosivos moi eficaces. Confeso que, despois do confinamento, cheguei a pensar que o recoñecemento, con mostras de solidariedade, das persoas que realizaban traballos esenciais en momentos tan duros, como era o caso das servidoras públicas da sanidade, ía traducirse en melloras dos nosos servizos públicos. Debo recoñecer que fun inxenuo pensando que o Goberno, que se ten autoproclamado como o máis progresista dende a transición, tomaría medidas de reforzamento dos servizos públicos, incrementando o financiamento e o persoal no ensino e na sanidade. A realidade, a día de hoxe, é que nada mudou. Regresamos á precariedade e continúan os recortes na sanidade, nomeadamente na atención primaria e no ensino. Iniciamos o curso académico con menos profesorado, con maior número de estudantes por aula e sen o persoal necesario para atender as necesidades especiais do alumnado. Xosé Ramón acláranos que é un tema ideolóxico e que se está a aproveitar a pandemia para acelerar as políticas neoliberais de desmantelamento das estruturas do Estado e das políticas públicas en beneficio do mercado e da liberdade individual (de quen poida exercela), coa axuda inestimábel das novas tecnoloxías.

Na parte do libro relativa ao tránsito do liberalismo ao neoliberalismo, Xosé Ramón analiza o nacemento da escola pública, que ten o seu apoxeo despois da segunda guerra mundial, coincidindo cunha expansión económica ininterrompida desde 1945 a 1973, co establecemento do ensino obrigatorio universal e de balde, integrador e favorecedor da mobilidade social ascendente, en que tamén ten moito que ver o recoñecemento do dereito á educación establecido na Declaración de Dereitos Humanos da UNESCO. Mais a nova teoría económica do capitalismo neoliberal vai implicar o comezo de mudanzas a respecto do ensino público, como consecuencia da aplicación dogmática dos seus principios, e o Estado debe xogar outro papel na actividade económica e social, impactando de cheo na protección dos dereitos sociais da educación e da saúde.

En efecto, esta nova ideoloxía provoca cambios no modelo educativo. A educación deixa de ser un dereito para todas as persoas para se converter nun obxecto de consumo para quen teña capacidade económica, pasando deste xeito do espazo do servizo público ao espazo privado da oferta e da demanda do mercado, en que a selección obedece só a criterios económicos. Ademais introdúcese no Público a lóxica da xestión privada e mercantilista das empresas, de modo que as direccións dos centros deben actuar como meras xerencias que gobernan e administran os centros baixo a noción da calidade desde a perspectiva da lóxica do custe-beneficio, o profesorado ten como misión formar «capital humano» e o alumnado convértese en consumidor dos servizos da empresa que as familias pagan como clientes.

Estas ideas do pensamento neoliberal vanse colando na nosa vida diaria sen grandes dificultades, grazas aos éxitos da súa política de márketing, a cuxa difusión contribuímos inconscientemente aceptando e usando certas palabras que teñen máis transcendencia da que pensamos, porque a lin-

guaxe é moi importante na difusión das ideas. A modo de exemplo imos reparar en tres expresións, que son *capital humano*, *gasto público* e *gobernanza*.

A definición técnica de capital humano é unha medida do valor económico das habilidades profesionais dunha persoa. A educación, a experiencia e as habilidades dun empregado teñen un valor económico. A educación deixa de ser o dereito fundamental a unha formación integral e crítica como ben colectivo, que permite a existencia dunha cidadanía libre e favorece a igualdade e a xustiza social, para pasar a ser mera mercadoría de habilidades profesionais para aumentar a eficacia e eficiencia do sistema. Falamos de capital humano e non de persoas que temos dereito a formarnos en igualdade de oportunidades nunha escola pública de balde e de acceso universal, como niveladora das desigualdades, cada vez maiores, que existen na nosa sociedade.

Estamos a aceptar que o investimento en fortalecer os servizos públicos de educación, sanidade e pensións se chame gasto público. Dinnos que é un gasto que a sociedade non pode soportar, pois nunca é suficiente, razón pola cal o hai que facer é mellorar a xestión, introducindo os métodos de xestión empresarial nos servizos públicos, externalizando diversas actividades cara á privatización dos mesmos. Os mesmos que din que os servizos públicos non son rendíbeis son os que invisten os fondos de capital risco nestas actividades privatizadas que resultan ser un negocio moi lucrativo.

Gobernanza é un termo que se usa dende 1990, especialmente en termos económicos, entendéndose cada vez máis como unha nova forma de gobernar (de aí que se empregue tamén para falar do quinto poder). Mais o seu emprego máis frecuente é para definir o xeito de interacción das administracións públicas co mercado e as organizacións privadas ou da denominada sociedade civil. Outro

xeito de entrar as empresas privadas no goberno dos servizos públicos, e que na universidade ben se coñece, porque vén sendo unha teima nos últimos anos, que acaba de dar un paso importante coa inclusión das propostas dos presidentes dos consellos sociais das universidades no anteproxecto de lei do sistema universitario (LOSU).

Hai que continuar a defender, tamén con teimosía, o investimento nos servizos públicos como garantía dunha sociedade mais xusta e igualitaria, de persoas cos seus dereitos universais persoais e colectivos e o goberno democrático dos centro do ensino secundario e a autonomía das universidades.

No capítulo dedicado á arquitectura organizativa quero destacar o apartado que corresponde ao ensino concertado como exemplo de decisións políticas para financiar o ensino privado, sobre todo relixioso, mediante concertos como consecuencia directa dos acordos aos cales se chegou na transición da ditadura ao sistema de monarquía parlamentar. O modelo do sistema educativo di moito dun Estado. Neses mesmos anos, Portugal remataba coa ditadura de António de Oliveira Salazar mediante unha revolución incruenta (a Revolución dos Cravos) e non mediante unha transición. En Portugal, nos últimos anos, melloraron os estándares educativos favorecedores da cohesión social. Entre outras razóns, as melloras teñen que ver coa limitada implantación do ensino concertado, porque está establecido legalmente que os colexios privados ou concertados só poden existir naqueles lugares onde non haxa oferta educativa pública (ou escola pública, para ser máis claro). Este modelo supón que o investimento na escola pública en Portugal supere a media europea, que haxa unha diminución de alumnos por aula, que exista gratuidade dos libros de texto e unha limitación clara na actuación de centros privados ou concertados. No caso sempre citado de Finlandia, o Estado é moi consciente da importancia da educación

como medio para garantir a igualdade de oportunidades. O seu sistema educativo é principalmente público (un 95 %), de modo que toda a cidadanía ten acceso á educación, achéganse fondos suficientes para a escola, cóidase a formación para a docencia e valórase a profesión docente. Respectando a autonomía dos centros educativos, coído que é moi importante que o ensino sexa público e non comparto as opinións que consideran que, á marxe de que os centros sexan públicos ou privados, o importante é aplicar as teorías de xestión das empresas, mais non din que con isto se quere perpetuar o sistema neoliberal de poder absoluto do mercado. Os centros públicos poden e deben ser focos de defensa dun sistema mais xusto e igualitario.

Os ataques á universidade pública proceden, ao longo dos anos, de diferentes fronteas. Non é un problema galego ou español, é un problema global, tal como analiza Xosé Ramón nos últimos capítulos. Trátase de análises que concordan substancialmente cos realizados polo sociólogo portugués Boaventura de Sousa Santos. O neoliberalismo global utiliza mecanismos moi diversos para someter a universidade pública ao capitalismo universitario: o subfinanciamento, a invención dos ránkings, a cuantificación da produción científica, a concorrencia desleal coas universidades privadas (cuxa creación se privilexia en moitos países promovendo a mercantilización do ensino), os beneficios do negocio económico e a difusión dun ideario de parte.

As universidades privadas promoveron e aproveitaron a desregulación normativa con motivo da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), que introduciu mudanzas na duración dos estudos de grao e mestrado (posibilitando a oferta de graos de tres anos) e provocou a desaparición do catálogo de títulos, para incrementar a oferta académica utilizando títulos con denominacións creativas. Todo isto, unido ao labor de márketing e a cada

vez máis estendida docencia non presencial, fixo que se incrementase o seu volume de negocio.

O pasado mes de xullo o Parlamento galego, co único voto favorábel do PP, aprobou a creación da primeira universidade privada na Galiza. Ábrese a veda do acceso da empresa privada ao ensino universitario concibido como mercadoría, mais tamén supón un duro ataque ao Sistema Universitario Galego (SUG) como instrumento de transformación social e instancia dinamizadora do noso país.

É insultante que a corporación bancaria que deu lugar a ABANCA sexa a promotora desta universidade, que provén da compra das caixas de aforro galegas, que logo de seren saneadas con 8000 millóns de diñeiro público foron malvendidas a BANESCO. Unha fusión de caixas de aforro e posterior venda, rodeada de opacidade en todo momento (a suposta auditoría de KPMG, que custou un millón de euros, era un mero e breve informe de diagnóstico). Razóns suficientes para que tivesen un pouco de decoro e non contribuísen, xunto co goberno de Feijóo, a crear unha universidade só para unha minoría social, que vai dar paso á promoción das desigualdades e dunha competencia tan estéril como carente de toda lóxica en termos de calidade de docencia, investigación e transferencia de coñecemento.

No anteproxecto de Lei do Sistema Universitario (LOSU) do, supostamente, goberno máis progresista da historia democrática, hai previsto un dos últimos ataques a autonomía das Universidades públicas para que poidan ser, cando menos idealmente, centros de produción de coñecemento crítico, libre e independente, cumprindo coa responsabilidade de contribuír a unha maior cohesión social. Este anteproxecto incrementa a presenza dos empresarios no goberno da universidade e abre a posibilidade de que o reitor, que non ten que ser un académico, sexa designado por un reducido grupo de persoas con ampla presenza da clase empresarial e da chamada sociedade civil. Esta é a nova

gobernanza. Acelérase a xestión empresarial e a posta das universidades públicas nas mans da ideoloxía neoliberal do capitalismo dominante. Como di Xosé Ramón no último parágrafo do seu libro: “A universidade pública terá que reorganizarse para desenvolver saberes e prácticas que sirvan de fundamento, estrutura e bases sólidas que resulten útiles para pensar e actuar responsablemente nese proceso crítico con capacidade de situar ás novas tecnoloxías (NT) ao servizo da cidadanía e non que a cidadanía estea ao servizo das NT”.

En definitiva, o rigoroso ensaio de Xosé Ramón Branco Buxán é unha acehga imprescindible para poder entender en profundidade as razóns que levan ao capitalismo neoliberal a querer acosar e derrubar o ensino público, sendo empregada a actual pandemia como medio para acelerar o seu proceso de desmantelamento. O coñecemento que dá a súa lectura permite reafirmarnos na defensa intransixente do ensino público, dun financiamento suficiente para poder exercer as súas funcións adecuadamente, contribuíndo a unha maior cohesión social e unha maior articulación entre a sociedade e a academia. Trátase dun libro imprescindible para podermos entender mellor as razóns da batalla que levamos nos últimos anos en defensa do público e nomeadamente do ensino público. Por conseguinte, é un libro de obrigada lectura.

Xosé Luís Armesto Barbeito

Reitor da Universidade da Coruña (2012-2016).  
Profesor emérito da Universidade da Coruña



## ÍNDICE

Limiar de Xosé Luís Armesto Barbeito .....	9
Limiar do autor .....	17
Introdución .....	21
1. Paradigma tecnolóxico: desafíos sociais e políticos .....	27
1.1. A educación e o sistema produtivo .....	28
2. Revolución 4.0: capitalismo e tecnoloxía .....	35
2.1. Tecnoloxía e Coronavirus.....	37
3. Neoliberalismo: capacidade de adaptación .....	41
3.1. Do liberalismo ao neoliberalismo .....	43
3.2. Crise do modelo keynesiano e da socialdemocracia .....	47
3.3. Estragos do neoliberalismo no Estado do benestar .....	51
3.4. Capital humano: as persoas como recursos .....	58
3.5. Eficiencia educativa e fetichismo tecnolóxico .....	63
4. Formación das novas subxectividadeas .....	67
4.1. Camiñando cara a unha educación neoliberal .....	70
4.2. A pandemia como punto de inflexión.....	81
4.3. Psicoloxía e lóxica neoliberal .....	83
4.4. Produción do suxeito autónomo .....	86
4.5. Empoderamento ( <i>empowerment</i> ) .....	88
4.6. Emprendedores .....	94
5. Cambios na xestión do ensino .....	99
5.1. Xestión educativa .....	104
5.2. Un novo concepto de aula formativa .....	114
5.3. <i>Management</i> .....	118

5.4. Mestrados: Psicopedagogía e formación de docentes ...	126
5.5. Docentes en modo remoto .....	142
5.6. Márketing e psicoloxía do consumidor .....	145
<b>6. Arquitectura organizativa .....</b>	<b>157</b>
6.1. Os fortes ventos de popa .....	161
6.2. Privatización educativa.....	170
6. 3. Telemática educativa: e-learning .....	173
6.4. Descentralización: “arquitectura da liberdade” .....	186
6.5. Externalización e deslocalización .....	195
6.6. Holding de empresas .....	206
6.7. Educación concertada .....	211
6.8. UNED .....	216
6.9. Franquías educativas .....	219
6.10. <i>Coworking</i> : futuros centros escolares? .....	222
<b>7. Oportunidades lucrativas .....</b>	<b>229</b>
7.1. Mercantilización do ensino público.....	234
7.2. Mercadoría para un gran negocio .....	236
7.3. Neoliberalismo privatizador: oportunismo cibercapitalista.....	254
<b>8. Epílogo .....</b>	<b>263</b>
<b>9. Bibliografía .....</b>	<b>273</b>